

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	28
6. Medidas de atención á diversidade	30
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abrú novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo, adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da

música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio!	Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio!	<p>activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.</p> <p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomará o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	10	10	X		
2	As mulleres na Música, os homes na Danza	<p>Con esta unidade, no inicio do curso, preténdese desmitificar os roles de xénero e romper os estereotipos tan ligados á música e á danza, e que, a día de hoxe, aínda están sumamente arraigados na sociedade. A través dunha viaxe pola historia da música ata a actualidade, saberemos da existencia de grandes compositoras e intérpretes mulleres que quedaron no esquecemento, de como o ballet nace sendo masculino, entroques hoxe en día as academias de ballet adoecen da falta de alumnos varóns, a pesar de que ao longo da historia son os que recibiron o recoñecemento como coreógrafos. Así mesmo, reflexionaremos sobre a situación actual das mulleres na música e dos homes na danza.</p> <p>Isto farémolo a través da investigación, do visionado, da escoita activa, da análise crítica e da interpretación musical e dancística.</p>	5	4		X	
3	O Jazz. Orixes e evolución	<p>Nesta unidade coñeceremos as orixes do Jazz, as súas características e a súa evolución e influencia nos estilos que deron lugar á música popular. E farémolo a partir dun coñecemento básico e xeral das súas especificidades, dunha selección de artistas, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia; da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de audicións representativas dos diferentes estilos, da linguaxe musical, da lectura rítmica e melódica de partituras e da interpretación e improvisación vocal e instrumental.</p>	10	9		X	
4	A música popular urbana	<p>Nesta unidade achegarémonos á música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das</p>	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A música popular urbana	<p>súas características definitorias como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia.</p> <p>A través da interpretación vocal, instrumental e coreográfica, da composición musical e coreográfica, da escoita activa e do visionado, da análise reflexiva e crítica de audicións ilustrativas e das súas linguaxes (estética, xestual e textual); e na linguaxe musical, a rítmica, a melódica, a harmónica e a organolóxica.</p>	10	9		X	
5	A música nos medios e producións audiovisuais	<p>Nesta unidade coñeceremos a presenza, funcións e importancia da música nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, publicidade, vídeoxogos, videoclips, etc.</p> <p>Ademais, e desde unha perspectiva histórica, faremos un percorrido xeral pola historia da música no cine, e achegarémonos ás orixes da evolución, ata actualidade, dos máis importantes sistemas de gravación e reprodución de son e imaxes, e das ferramentas dixitais actuais para a recepción, gravación e edición musical.</p> <p>Así mesmo, coñeceremos o papel que desempeñaron e desempeñan estes medios, a industria discográfica e a internet na difusión da música.</p> <p>Isto faremolo a través do visionado, da escoita activa e da análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios. Tamén, a través da interpretación e da creación de proxectos audiovisuais onde a música sexa a protagonista.</p>	10	20	X	X	X
6	As músicas do mundo	<p>A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia.</p> <p>Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais das culturas máis emblemáticas.</p> <p>A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en</p>	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As músicas do mundo	realidade forma parte da nosa esencia.	5	5			X
7	A música e a danza en España	Nesta unidade aprenderemos a grande diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música tradicional española. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico do noso país. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical ou dancística coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música española.	10	5			X
8	A música e a danza en Galicia	Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do noso acervo musical e dancístico. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e dancística, coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música galega.	10	5			X
9	A música nas artes escénicas	Nesta unidade estudaremos as artes escénicas nas que está presente a música: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. A través dun coñecemento básico das súas especificidades, do visionado de exemplos ilustrativos, da interpretación vocal, instrumental, coreográfica e dancística, aprenderemos a importancia, presenza e función que desempeña a música en todas elas. Así mesmo, coa planificación, realización, participación, actuación e gravación de propostas musico-escénicas e coreográfico-dancísticas o alumnado adquirirá significativamente os contidos e tomará plena conciencia da importancia da música nestas artes.	10	9	X	X	X
10	Todos a escena!	Esta unidade é transversal para todo o curso. O alumnado irá facendo ao longo do	10	20	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Todos a escena!	ano un repertorio de pezas extraído das diferentes unidades didácticas nas que a interpretación instrumental, vocal ou dancística estea presente. Este repertorio será interpretado en público cara o final do curso ou en diferentes momentos segundo as circunstancias ou evolución do alumnado. Os concertos ou as postas en escena serán produto do traballo colaborativo (formación orquestral, coral ou grupal no que aos contidos de danza se refire). A posibilidade da gravación e posterior edición de cada posta en escena servirá de peche do proceso creativo e contribuirá ao desenvolvemento persoal do alumnado.	10	20	X	X	X
11	A linguaxe da música	Esta unidade é transversal para todo o curso, xa que está implícita na maioría das unidades didácticas. Abrangue os contidos do coñecemento práctico da linguaxe da música, da harmonía, da forma e da textura. A partir da análise, lectura e interpretación de partituras o alumnado aprenderá os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos, etc., que lle permitirán crear, interpretar, entender e coñecer dende unha perspectiva máis técnica as diferentes manifestacións musicais.	10	9	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Silencio!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler células rítmicas básicas (negras, corcheas, semicorcheas) co sentido do pulso en clave de sol. Analizar e describir os elementos básicos dunha partitura: ritmo, melodía, símbolos musicais	PE	40



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	TI	60
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas da interpretación individual e grupal, instrumental (placas, frauta ou outros) e vocal (afinación) co uso da memoria rítmica e melódica, e a lectura de partituras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	As mulleres na Música, os homes na Danza	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar os aspectos técnicos e estilísticos a partir da escoita ou visionado de obras ou fragmentos traballados na unidade, nos que as mulleres na música e os homes na danza son protagonistas.	TI	100
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valorar criticamente, a partir dunha perspectiva histórica e cultural, a discriminación que sufriron e sofren mulleres e homes no mundo da música e da danza. Reflexionar sobre posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Recoñecer, valorar e respectar os axentes que interveñen nunha obra musical ou dancística, e os seus rasgos estilísticos básicos.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con respecto e corrección técnica en formación orquestral ou vocal unha obra ou fragmento dunha compositora, e unha danza.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O Jazz. Orixes e evolución	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar obras ou fragmentos da música Jazz, traballados na unidade, identificando as características básicas e os rasgos estilísticos que os definen.	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a orixe e evolución do Jazz nos diferentes estilos, as súas características máis representativas e as compositoras, compositores e intérpretes destacados de EE UU, Europa, España e Galicia.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos da linguaxe musical que caracterizan o Jazz, impartidos na unidade, a través da análise de partituras e das ferramentas dixitais aplicadas á escoita e á investigación.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado, análise e improvisación, valorando o patrimonio cultural da música Jazz través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de Jazz. Improvisar individualmente sobre un estándar de jazz seguindo as pautas dadas.	TI	60
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreograficamente unha peza estruturada, empregando elementos improvisados pautados ou libres traballados na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías de jazz traballados na aula, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> </ul>

## Contidos

- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	A música popular urbana	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a partir da escoita ou visionado as características traballadas na unidade (musicais estilísticas, técnicas e estéticas dos xéneros máis emblemáticos), encadrándoos no contexto.	PE	40
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a música popular e os seus diferentes estilos/xéneros, as súas características máis representativas e os/as compositores/as e intérpretes máis salientables de EE UU, Europa, España e Galicia.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical que caracterizan a música popular, impartidos na unidade.	TI	60
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural da música popular a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar en grupo con corrección e expresividade en formación orquestral ou vocal unha peza de música popular.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler as partituras ou os fragmentos de cancións da música popular, que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos, e formáis.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha canción empregando as técnicas adecuadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).</li> <li>- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.</li> <li>- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.</li> <li>- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A música nos medios e producións audiovisuais	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar e identificar a partir da escoita e visionado as características máis definitorias de exemplos musicais da historia da música no cine e nos medios audiovisuais, encadrándoos no contexto.	PE	40
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer a importancia e función da música, desde unha perspectiva histórica, nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, etc., así como na actualidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, visionado e análise, valorando a través da identificación das súas especificidades as producións audiovisuais propias ou alleas.	TI	60
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Realizar con creatividade unha proposta audiovisual usando as ferramentas tecnolóxicas e dixitais axeitadas e as interpretacións ou elementos interpretativos musicais e dancísticos, propios ou alleos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na realización dunha proposta audiovisual artístico-musical colaborativa, respectando as achegas e as producións dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.</li> <li>- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.</li> <li>- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.</li> <li>- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	As músicas do mundo	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música das diferentes culturas.	PE	10
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música das culturas máis emblemáticas, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que os definen	TI	90
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Interpretar instrumental ou vocalmente pezas doutras culturas e improvisar con escalas pentatónicas, a partir dunhas pautas dadas na aula, aplicando tamén ferramentas tecnolóxicas na gravación final.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar coreográficamente unha peza estruturada empregando elementos improvisados, pautados ou libres, impartidos na unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías doutras culturas que fosen traballados na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formais.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria unha peza musical representativa doutras culturas, aplicando as técnicas adecuadas aprendidas na aula.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características definitorias, dadas na unidade, en relación á linguaxe da música e da danza nas principais culturas do mundo, identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.



## Contidos

- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	A música e a danza en España	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado as obras ou fragmentos impartidos nesta unidade, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos básicos da linguaxe musical e dancística das mostras impartidas na unidade.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural das músicas do mundo a través da identificación das súas especificidades.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos das melodías traballadas na unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formáis.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental, vocal ou corporalmente e de memoria as pezas representativas da música tradicional española, aplicando as técnicas adecuadas traballadas nesta unidade.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características, instrumentos e trazos estilísticos máis definitorias en relación á historia e á linguaxe musical e dancística, evidenciando respecto, tolerancia e interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).</li> <li>- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.</li> <li>- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.</li> <li>- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.</li> <li>- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A música e a danza en Galicia	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado obras ou fragmentos da música galega máis emblemática, identificando as súas características básicas, instrumentos e rasgos estilísticos que a definen.	TI	100
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan a música e a danza de Galicia		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio cultural través da identificación das súas especificidades.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Coñecer e valorar a través da análise e da escoita, os elementos máis identificativos da linguaxe musical e dancística galega traballados na unidade.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Interpretar dancisticamente unha coreografía dos bailes típicos de Galicia (muiñeira e xota), con partes improvisatorias pautadas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras ou fragmentos de melodías da temática da unidade, identificando os seus elementos rítmicos, harmónicos e formáis.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Interpretar instrumental e vocalmente de memoria, cancións representativas da música tradicional galega impartidas na unidade, aplicando as técnicas adecuadas.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar en agrupación vocal ou orquestral as cancións ou melodías da música galega impartidas na unidade.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Coñecer as características máis definitorias da música tradicional galega en relación á historia e á linguaxe musical e dancística identificando os instrumentos e os trazos estilísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).</li> <li>- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.</li> <li>- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agóxica e dinámica.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> </ul>

## Contidos

- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
9	A música nas artes escénicas	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñecer e valorar as artes escénicas, as súas características definitorias e a presenza e relevancia na actualidade.	PE	20
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analizar a través da escoita ou visionado, obras ou fragmentos das artes escénicas impartidos na unidade, identificando as súas características básicas e rasgos estilísticos que os definen.	TI	80
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Aprender a valorar, a través do visionado, as diferentes manifestacións artísticas escénicas, sen os prexuízos dos roles de xénero.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Coñecer a través da investigación, da análise de partituras, da lectura musical e da escoita ou visionado, os elementos da linguaxe musical e dancística que caracterizan as artes escénicas.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Manter o silencio e o respecto nas actividades de escoita, análise e visionado, valorando o patrimonio musical escénico a través da identificación das súas especificidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección, controlando emocións e expresividade, unha danza ou performance da temática da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos.</li> <li>- Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.</li> <li>- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario.</li> <li>- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.</li> <li>- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).</li> <li>- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.</li> <li>- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.</li> <li>- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.</li> <li>- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.</li> <li>- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Todos a escena!	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar o repertorio traballado no curso, de pezas musicais en formación orquestral ou dancísticas en grupo	TI	100
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Presentar o deseño dun proxecto creativo a partir das propostas traballadas no curso, das ferramentas tecnolóxicas e dixitais, e das interpretacións musicais e dancísticas tanto propias como alleas.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar con interese na planificación e execución dunha proposta artístico-musical colaborativa, manifestando respecto aos demais e desempeñando con corrección a función asignada.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección a través da voz, dos instrumentos musicais e da danza, as pezas musicais ou dancísticas da cultura galega traballadas no curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.</li> <li>- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.</li> <li>- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.</li> <li>- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.</li> </ul>

### Contidos

- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.

UD	Título da UD	Duración
11	A linguaxe da música	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analizar e investigar sobre os elementos da linguaxe musical e o contexto histórico ao que pertencen, as obras ou fragmentos das unidades do curso, usando as ferramentas dixitais.	PE	40
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler rítmica e melódicamente as partituras traballadas no curso, aplicando con corrección as células rítmicas, compases, escalas, matices, etc., impartidos en cada unidade.	TI	60
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección e expresividade, vocal ou instrumentalmente, as partituras traballadas ao longo do curso, tanto na voz de melodía como de acompañamento en formación vocal ou orquestral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación consta de once unidades didácticas arredor de diferentes centros de interese: o jazz, a música popular urbana, a música nos medios e producións audiovisuais, as músicas do mundo, a música en España e Galicia, a música nas artes escénicas. Non obstante, algunhas unidades desta programación, están pensadas para ser aplicadas ao longo do curso nas diferentes unidades, xa que os coñecementos da linguaxe e das destrezas musicais interpretativas son acumulativos. O mesmo sucede coas dúas primeiras unidades, xa que os seus contidos son transversais na materia de música; polo tanto, a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo. Por exemplo, á vez que traballamos a unidade sobre música popular urbana, podemos engadir contidos doutras unidades relativos á música e tecnoloxía, ou preparar ao alumnado para actuar en público.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización. É dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino ten sempre como base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da análise crítica, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos. Superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaránse diferentes situacións de aprendizaxe, que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos e sempre partindo dunha visión global onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado. E teñan así mesmo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula e a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos, para descubrir os coñecementos previos do alumnado, e actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último, destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación, como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a consecución de retos e a creación de proxectos. na que se enmarca o traballo do proxecto de creación audiovisual que vou concretar a continuación.

##### PROXECTO DE CREACIÓN AUDIOVISUAL

##### DESCRIPCIÓN

Durante o presente curso 22/23 traballaremos neste proxecto de aula, no que os rapaces organizados en equipos" e se fose posible , con asesoramento puntual de algún profesional do mundo audiovisual, escriben o guión, deseñan a escenografía, preparan a rodaxe nos exteriores, participan na montaxe, compoñen e elaboran a música, participan na presentación final e explicación do traballo realizado.

O obxectivo desta forma de traballar coincide plenamente cos obxetivos educativos da etapa: desenvolvemento cognitivo, social e emocional dos alumnos/as.

A creación dunha breve peza audiovisual convértese nun reto que os alumnos deben superar xuntos. A peza final e a súa presentación, convértese nun obxectivo a cumprir, pero en realidade só é unha parte máis do proceso, no que os alumnos/as pónense en contacto co mundo da creación audiovisual e co proceso creativo en si, aprendendo a traballar en equipo e a asumir a responsabilidade das súas decisións e a necesidade da súa colaboración no proxecto como elementos esenciais do mesmo.

##### OBXECTIVOS

- Empregar a creación dunha curtametraxe como un vehículo de aprendizaxe
- Fomentar a implicación da comunidade educativa (pais, profesores, veciñanza, concello) e aumentar as expectativas dos pais sobre as capacidades dos seus fillos.
- Facilitar un contexto axeitado para a aprendizaxe autoinducida.
  - Conectar os aprendizaxes da aula coa vida.
  - Desenvolver unha maior implicación emocional no traballo diario na clase.
  - Potenciar habilidades de liderazgo, responsabilidade e resolución de conflitos nos rapaces/as.
  - Practicar habilidades lingüísticas orais e escritas.
  - Buscar información por sí mesmos e desenvolver o sentido das cousas ben feitas.
  - Practicar habilidades sociais e traballo en equipo.
  - Estimular o pensamento imaxinativo e diverxente aprendendo a combatir a pereza mental.
  - Presentar á comunidade educativa a á comunidade en xeral, con posible participación posterior en diversos certames, unha obra audiovisual creada íntegramente polos alumnos, con momentos musicais, tamén creados por eles, intercalados na acción audiovisual.

#### COMPETENCIAS CLAVE

1. Competencia en comunicación lingüística: a través do proceso que implica a creación da curtametraxe traballaremos o uso da linguaxe verbal, non verbal, escrito e musical como ferramenta para describir situacións, vivencias, emocións e resolución de conflitos así como para crear o propio guión da peza.
2. Competencia en coñecemento e interacción co mundo físico: a creación do guión responde ás súas inquietudes internas, ao seu coñecemento do espazo á interacción co medio físico e social.
3. Tratamento da información e competencia dixital: na etapa de montaxe e ensamblaxe de todos os elementos rodados e a súa concordancia cos sons, a música e as imaxes. Trátase dun proceso lento, paciente e reflexivo que axuda ao alumnado a ser persoas máis autónomas, eficaces, responsables, críticas e reflexivas ao seleccionar, tratar e empregar a información, así como poñerse en contacto cos programas de montaxe audiovisual.
4. Competencia social e cidadá: a través da posta en práctica deste proxecto póñense en valor aspectos relacionados coa realidade social, valores patrimoniais e interculturais valorando así a realidade do medio e do entorno que lles rodea e poñendoos en contacto con personaxes característicos da sociedade da vila a nivel cultural, profesional, artístico etc
5. Competencia cultural e artística: a creación da curtametraxe é un reto en sí para todos os participantes xa que nos permite valorar a riqueza cultural, a pluralidade, o pensamento social, a creatividade, os sentimentos propios e alleos, a intelixencia emocional despregando así as competencias artísticas dentro de cada un.
6. Competencia para aprender a aprender: en todo este proceso creativo, poranse en xogo a toma de conciencia das propias capacidades así como a confianza en un mesmo e o gusto por aprender. Como consecuencia tamén, o proceso faranos conscientes das aportacións dos outros e do propio medio. Aspectos que se redundarán ao longo de todas as fases do traballo.
7. Autonomía e iniciativa personal: ao longo do traballo de creación da curtametraxe traballamos de forma permanente aspectos como a responsabilidade, a perseverancia, o coñecemento de sí mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata e aprender dos erros. Tamén a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e planes persoais responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal como común.

#### ESTANDARES DE APRENDIZAXE

Os estándares de aprendizaxe, no referente á materia de música, coinciden cos indicados para a programación xeral de 4º ESO, no referente aos distintos bloques de interpretación e creación, escoita, contextos musicais e culturais así como música e tecnoloxías.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación, coinciden cos indicados para a programación xeral de 4º ESO

#### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A implementación deste proxecto dentro da materia de música neste curso de 4º ESO, desenvolverase simultaneamente que o resto de programación feita para este nivel.

Os procedementos de avaliación serán os indicados para todo o curso os cales suporán un 70% da nota, o 30% restante corresponderá ao traballo realizado neste proxecto de creación audiovisual, e que quedará reflectido na nota final.

#### METODOLOXÍA

- 1- Creación do grupo de traballo audiovisual: facemos toma de contacto co reto que temos diante, realizamos a

búsqueda dos temas que nos inquietan, elegimos o tema e levamos adiante o guión, tomamos decisión sobre o tipo de peza audiovisual que queremos facer e debatimos sobre a súa conveniencia. Pensamos na ficción e o conflito, no caso de habelo, decidimos os personaxes, os lugares ou escenarios, así como outros detalles da rodaxe.

2- Traballo das diferentes tarefas necesarias para a realización da curtametraxe: o grupo investiga e traballa sobre os distintos aspectos necesarios para a creación da peza audiovisual: búsqueda do tema, creación do guión, decisión sobre o tipo de peza a realizar, coñecemento dos equipos de gravación de vídeo e son, rodaxe (a luz, os planos, a colocación da cámara, o son etc) e finalmente a montaxe a secuenciación, coordinación e ensamblaxe de todas as tomas gravadas.

3- Estrea final da peza: proxección do resultado final no salón de actos do centro, Poderá haber tamén outras proxeccións se logramos a implicación do concello, para toda a comunidade educativa e para a vila en xeral, ou a participación en diferentes certámenes ou concursos.

#### TEMPORALIZACIÓN

- Outubro: Presentación do proxecto
- Novembro e decembro: Búsqueda do tema e ideas musicais
- Xaneiro/ Febreiro: Creación do guión e plan de rodaxe, búsqueda de espazos, creación de ideas musicais.
- Marzo/ abril: Rodaxe Montaxe, visionado e balance
- Maio/ xuño: Montaxe, visionado e balance. Presentación da curtametraxe á comunidade educativa

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos e dotación da aula
Programas de edición de partituras
Programas de edición de audio e vídeo
Soportes informáticos, web , proxectados a través de canón informático
Aula virtual
Diferente bibliografía de apoio a la labor docente
Material de creación audiovisual e apoio técnico

Instrumentos habituais das dotacións de aula:piano eléctrico, instrumental Orff, frautas, pequena percusión, etc. Sen esquecer o emprego da percusión corporal e a voz, así como os instrumentos clásicos que puidera aportar o alumnado en momentos puntuais

Aula virtual: todos os recusos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro. Todos os temas traballados están volcados na aula virtual.

Programas de edición de partituras como musescore.

Programas de edición de audio e vídeo como audacity, filmora ou anvil studio

A través de soporte informático, todas as posibilidades de audios e vídeos de diferentes épocas e estilos que proporciona a web, a través de diferentes canles coñecidos verificados pola profesora.

Emprego de diferente bibliografía de apoio á labor docente (coral, instrumental, percusión corporal, coreografías etc)

Dentro do proxecto de creación audiovisual no que traballaremos este curso, poderemos contar coa axuda económica do contrato programa inclue-emociónate , no que o centro está inscrito. Motivo polo cal creemos poder contar con apoio técnico de algún profesional nesta tarefa, que ademáis introduza máis ao alumnado neste proxecto. O proxecto pode enmarcase ademáis dentro da labor de polos creativos do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior.

Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión, percusión corporal, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria rítmica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que recoñece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	40	0	40	40	40	10	0	0	20	0
<b>Táboa de indicadores</b>	60	100	60	60	60	90	100	100	80	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	<b>22</b>

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	<b>78</b>

### Crterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final. Os exames escritos contarán con algunhas preguntas curtas e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Faranse dous exames trimestrais, contando un 20% da nota cada un deles.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal ou corporal constituindo un 20% da nota final. Os exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica suporán igualmente o 20% da nota. O traballo diario na aula, a participación respetuosa nas actividades propostas, o gusto polo traballo ben feito, o interese e a corrección formal nas tarefas, valorarase co 20% restante da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis e capacidades do alumnado, polo que a profesora adecuará o nivel das pezas traballadas, ás características do grupo, podendo asignar tarefas diferenciadas. A nota final valorará a execución tanto a nivel grupal como individual.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%

- 2º Trimestre: 30%

- 3º Trimestre: 40%

A implementación do proxecto de creación audiovisual dentro da materia de música neste curso de 4º ESO, desenvolverase simultaneamente que o resto de programación feita para este nivel.

Os procedementos de avaliación serán os indicados para todo o curso os cales suporán un 70% da nota, o 30% restante corresponderá ao traballo realizado neste proxecto de creación audiovisual, e que quedará reflectido en cada avaliación así como na na nota final.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

### Crterios de recuperación:

Se a calificación acadada en cada avaliación non resultara suficiente, o alumnado terá a posibilidade de recuperar con diferentes tarefas, probas ou exames que se indicarán nos seu momento.

Logo de realizada a 3ª avaliación, consignarase a nota obtida no 3º trimestre e a docente determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia e a nota final. Para tal fin calcularase a media das notas obtidas nas tres avaliacións.

Aquel alumnado que non teña unha calificación suficiente para aprobar, terá a opción de realizar nos últimos días lectivos unha proba para recuperar a parte ou partes da materia que non teña superadas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, así como metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo, entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previstas no perfil de saída, e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia lles custa máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballárase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2-10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 5, 9, 10 e 11 a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc			
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo			
Participación no festival Musiqueando	Festival musical no que participan distintos centros de todo o país, con concertos escolares na rúa e actividades en rede.			

### Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a partir da interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou Acadado
Mal ou Non cadado
Regular ou Mellorable

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: valorar se estes se adaptan ao curso; se se poden acadar coas unidades propostas, así como a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades lles parecen adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores seguintes: ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado, pero que se poida revisar e mellorar.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## **9. Outros apartados**

### **1. Proxecto e creación audiovisual ( Tralaballo por proxectos)**

Este proxecto quedará descrito no apartado metodoloxía, con todos os seus epígrafes: descrición, obxectivos, competencias clave, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, metodoloxía e temporalización. No apartado avaliación volve estar descrita a avaliación do mesmo. Todo o desenvolvemento do proxecto coincide plenamente co traballo do curriculum deste curso.